

# OS AVÓS E AS AVOAS

## Constantino



O meu avó chamase Constantino. É o pai da miña nai. Está viúvo.

Vive en Pastoriza, a 74 quilómetros de min. Véxoo poucas veces, pero cando estou con el ensíname a contar chistes e lendas de antes.

O meu avó é moi bo, moi boa persoa, pero ten algo de xenio. Quéreme moito, quere a toda a familia, e todos o queremos a el. É moi traballador e moi serio.

Ten os ollos azuis. Ten 76 anos pero está moi ben conservado. Cando era novo tiña o pelo rizado. Agora non porque é maior.

Sempre me dá algunha propina. Regaloume un tractor de verdade.

Gústalle moito xogar ás cartas e contrólaas moi ben, ata lle gana á miña nai.

Cristian Moreira.4ºEP

## Mercedes

A miña avoa chámase Mercedes. Ten oitenta e tres anos. É a avoa materna. Ten o pelo branco, usa lentes e é de estatura baixa.

Gústalle moito falar de cousas e quere saber de todo. É alegre e ten moita vitalidade. O que máis a distrae é pasear todos os días e tomar o café coas súas amigas. Nunca almorza na casa.

Tamén lle gustan moito as flores, sempre planta flores e cóidaas para adornar a igrexa. Ás veces traballa na horta plantando cousas, sempre ten que estar traballando en algo. Polas tardes gústalle ver a televisión deitada no sofá. As películas que prefire son as do oeste.

Vive soa e ten unha cadela chamada Lúa.

Pablo.4º EP

## Meu avó apréndeme

O meu avó aprendeume que, en vez de apañar as castañas, xuntaban os ourizos nun montón que lle chamaban a ouriceira e logo mallábanas cun pao ou cun engazo, collíanas e secábanse no caízo.

Despois comíanse, unhas asadas, nun tambor feito dunha lata, e outras cocidas.

Borja.4º EP

# OS AVÓS E AS AVOAS

## Carmen



Aínda que todos os meus avós son para min favoritos , vou falar da miña avoa Carmen, porque é moi argalleira.

A miña avoa é algo baixa,ten o pelo gris e é moi traballadora.Xa cumpriu 70 anos.

Vai a cursos de manualidades e de palillos e fai traballos moi bonitos. Ademais ten unha granxa que se ve dende Carrefour. Alí viven animais de moitas clases: cabalos, polos, pombas, coellos, cans, gansos, canarios e pitas. Tamén cultiva unha hortiña pequena con verzas, fabas, cebolas, cenorias, leitugas,etc. e

árbores froiteiras e flores. Mantén todo curiosiño porque ela é moi xeitosa.

O que máis me gusta dela é que nos ensina ós catro netos a traballar e a facer labores na casa como, por exemplo, patacas fritas coma as que veñen en bolsas, coser, facer palillos...Como ela è tan curiosiña, se temos que facer algún traballo de manualidades sempre nos dá unha idea moi boa.

Garda moitas cousas dende que ela era nova e algunhas veces cóntanos historias de cando a miña nai e meu tío (que é o meu padriño ) eran pequenos.

Miguel Pardo.4ºEP

## Mercedes Balbina



A miña avoa chámase Mercedes Balbina.É moi guapa e moi boa.Ten un pouco de xenio pero moi bo corazón.

Contoume como vivía ela á miña idade: Coidaba os seus irmáns e ía cos seus pais traballar. Axudou aos meus pais a coidar de miña irmá e de min.

Cóntame historias antigas e contos cando ten un anaco libre.

Un destes contos é:

*“Cóntase que hai moitos anos había un rapaz que sempre estaba no monte coidando das ovellas. Un deses días veu o lobo e colleulle unha ovella pola cabeza. El deuse conta e agarrouna polas patas de atrás. Tanto el coma o lobo tiraban todo o que podían,pero o rapaz conseguiu quitarlle a ovella ao lobo e quedarse con ela. Ao chegar á casa,curárona. E dise que a ovella viviu moitos anos.”*

Mercedes Fdez.4º EP

Titira 4º EP: Teresa López Tourón